



**PROCEDEMENTO DE APLICACIÓN Á IV ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A XESTIÓN DO PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE DE AULAS CEMIT. CARA Á PLENA CAPACITACIÓN DIXITAL DA SOCIEDADE GALEGA 2022-2025.**

En Santiago de Compostela,

- I. Dentro das actuacións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030 enmárcase o *Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.*
- II. Este documento ten por obxecto regular a colaboración entre ambas institucións para a xestión da cesión de equipos informáticos por parte da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, establecida na IV adenda asinada entre AMTEGA e FEGAMP.
- III. Así mesmo, establécese que a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) efectuará a recepción das solicitudes de equipos informáticos, e será a AMTEGA a que realizará a entrega do equipamento cedido, nas instalacións indicadas en cada caso.
- IV. En base ao establecido na cláusula cuarta bis da IV adenda, a cesión de equipamento á FEGAMP dará paso un proceso de solicitude de equipamento informático dirixido a colectivos sen ánimo de lucro para a realización de actividades que se axusten a algún dos obxectivos, segundo o declarado responsablemente pola entidade no ANEXO II da solicitude.
- V. Así mesmo, a Fegamp deberá:
  - a. Recibir a solicitude que debe incluír ANEXOS I e II correctamente cumprimentados.
  - b. Informar aos solicitantes das condicións especiais, no seu caso, así como das instrucións de instalación e parametrización específicas. Neste caso, recibirá as específicas instrucións por parte de AMTEGA.
  - c. Emitir á AMTEGA un informe con carácter semestral no que se recollan todos os colectivos beneficiarios, así como o obxecto do equipamento doado.
  - d. Entregar copia cotexada das solicitudes correspondentes.
  - e. Destinar os equipos cedidos aos fins que xustifican a dita cesión e que especifican na cláusula cuarta bis. De conformidade co disposto no



artigo 145.7 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, cando o equipamento cedido fose destinado ao fin previsto durante un prazo de catro anos, entenderase cumprido o modo.

- VI. O número máximo de elementos hardware a entregar por entidade será de 10, sen prexuízo da posible autorización da comisión de seguimento do convenio para unha doazón maior, en base ás circunstancias especificadas pola entidade.
- VII. Realizarase a entrega, por orde de chegada da solicitude completa e correctamente cumprimentada.

Para a entrega do equipamento por parte de AMTEGA; empregárase tamén o modelo de ANEXO III asinado por AMTEGA, FEGAMP e a Entidade sen ánimo de lucro.